



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso superior de vixiancia de obras, explotacións e conservación-1

GRUPO: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

ÁREA: Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2010
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	2

DATA MATRÍCULA: Do 04/02/2010 - 08:00h ao 12/02/2010 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Formación do persoal laboral e estatutario dependente dos Servizos Provinciais de Infraestruturas desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para ampliar a súa formación nas funcións de vixiancia de obra nova de contrución e de conservación contratada pola Consellería, así como labores de explotación de estradas e do seu dominio público.

DESTINATARIOS

Persoal laboral e estatutario (corpo de camiñeiros do Estado) dependente dos Servizos Provinciais de de Infraestruturas desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

PROGRAMA

Aplicación a casos prácticos da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, en canto ao uso e defensa das estradas. Seguimento e control xeométrico de explanacións, obras de drenaxe transversal e lonxitudinal, estruturas e firmes. Sinalización balizamento de estradas. Introducción á seguridade vial. Seguridade e saúde en obras de nova construción, conservación e explotación de estradas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1º.- Para poder solicitar a participación no curso é imprescindible que o/a solicitante sexa persoal laboral ou estatutario dependente dos Servizos Provinciais de Infraestruturas desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

2º.- Terán preferencia o persoal laboral ou estatutario (corpo de camiñeiros) que teña experiencia na materia do curso. Dita experiencia será acreditada mediante certificado expedido polo Xefe do Servizo de Infraestruturas do Departamento Territorial ao que estea adscrito.

3º.- No caso de que non se cubran todas as prazas ofertadas coa aplicación do criterio sinalado no punto anterior, poderán acceder ás prazas libres o persoal que teña realizado o curso;Introdución á vixilancia de obra, conservación e explotación; da edición do ano 2009, para o que deberán presentar copia compulsada do certificado/diploma dese curso.

4º.- Unha vez determinado o numero de persoas admitidos no curso farase unha orde de prelación coa aplicación dos baremos seguintes:

-Preferencia dos empregados públicos fixos sobre os temporais

-Puntuación derivada da aplicación dos baremos que recolle a resolución da EGAP do 04.01.2008, pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 7, do 10.01.2008)

5º.-O 5% das prazas ofertadas reservarase a persoas discapacitadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, con aplicación do previsto no nº 5 do criterio segundo da Resolución da EGAP de 4.01.2008.

6º.- Serán de aplicación na presente convocatoria o que recolle o apartado 6º da Resolución da EGAP de 04.01.2008.

7º.- O persoal poderá solicitar praza en máis dunha das dúas edicións sempre e cando non superen o número máximo de cursos que poidan ser solicitados na correspondente formación continua. Neste caso, se lle dará praza preferentemente no Departamento Territorial no que presta servizos. De non obter praza nese Departamento Territorial e optela noutra ou noutras o criterio que marcará a preferencia será a cercanía co seu domicilio. No caso de empate entre varios/as solicitantes aplicarase este mesmo criterio e de persistir o empate o sinalado no punto 4º desta proposta.

3. DATOS EDICIÓNS

CORUÑA

LOCALIDADE: A CORUÑA

INICIO / FIN: 18/05/2010 a 31/05/2010

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Enmacosa S.A.

SANDRA PINTADO PÉREZ

LUGO

LOCALIDADE: LUGO

INICIO / FIN: 01/06/2010 a 11/06/2010

NUM. PRAZAS: 25

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

Enmacosa S.A.

SANDRA PINTADO PÉREZ